



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Mecánica de Flúidos	Código	770G01016	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Gosset , Anne Marie Elisabeth	Correo electrónico	anne.gosset@udc.es	
Profesorado	Gosset , Anne Marie Elisabeth Lema Rodríguez, Marcos Prieto Garcia, Abraham	Correo electrónico	anne.gosset@udc.es marcos.lema@udc.es abraham.prieto@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Neste curso o alumno estudará os conceptos fundamentais de cinemática e estática de flúidos, chegará a entender a formulación e o significado das ecuacións de Navier-Stokes en forma integral e aprenderá a aplicar estas ecuacións de conservación a aplicacións prácticas. Mediante o método de análise dimensional, entenderá como simplificar estas ecuacións e deseñar experimentos a escala. Finalmente estudará fluxos de interese tecnolóxico como os fluxos externos en aerodinámica e os fluxos en condutos para o deseño de redes de canalizacións sen e con máquinas hidráulicas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Recoñece un flúido como un sistema que cumpre as leis da física.	A13	B4 B6	
Saber representar un flúido a partir da teoría de campos (velocidades, presión).	A13	B1	
Aplicar as leis de conservación: masa, cantidade de movemento e enerxía a un flúido.	A13	B1 B4 B5	C3
Deseñar experimentos de laboratorio e saber trasladar os resultados á escala real coas correccións correspondentes.	A4 A5 A13	B1 B5 B7	
Coñecer as características dos principais fluxos de interese en enxeñaría.	A4 A5 A13	B1 B5 B6	C1 C7
Coñecer os principios de funcionamento e a operación dos instrumentos básicos para medir presión, caudal, velocidade e viscosidade.	A4 A13	B5	
Coñecer os principios para o dimensionado e cálculo de instalacións de bombeo e ventilación e redes de distribución de flúidos.	A4 A5 A13	B1	C3
Coñecer fundamentos de oleohidráulica e neumática.	A13	B1 B4	

Contidos	
Temas	Subtemas



TEMA 1. Introdución e conceptos básicos	<ul style="list-style-type: none">. A Mecánica de Fluídos, obxecto e aplicacións. Sólidos, líquidos e gases. Clasificación dos tipos principais de fluxos: laminar/turbulento, compresible/incompresible, interno/externo, ideal/viscoso. Campos de aplicación da mecánica de fluídos. Relacións con outras ciencias. Fluídos como medios continuos. Magnitudes fluídas
TEMA 2. Leis de conservación da mecánica de fluídos	<p>2.1 Fluidostática</p> <ul style="list-style-type: none">. A presión. Ecuación xeral da fluidostática. Aplicacións da fluidostática: Principio de Pascal, manómetros, barómetros. Forzas hidrostáticas sobre superficies sólidas. Principio de Arquímedes. Movemento de corpo ríxido <p>2.2 Conservación da masa.</p> <ul style="list-style-type: none">. Os modelos fluídos e as leis de conservación. Principio de conservación da masa: Ecuación de continuidade. Forma integral da ecuación de continuidade. Simplificación para o caso con movemento estacionario <p>2.3 Conservación da enerxía.</p> <ul style="list-style-type: none">. Enerxía mecánica. Primeira lei da termodinámica. Ecuación da enerxía en forma integral. Simplificación para o caso con movemento estacionario <p>2.4 Ecuación de conservación da cantidade de movemento</p> <ul style="list-style-type: none">. Leis de Newton. Forzas no seo dun fluído: Forzas máxicas e de superficie. Tensor de esforzos. Conservación da cantidade de movemento. Ecuación en forma integral. Elección dun volume de control
TEMA 3. Conceptos básicos de cinemática de fluídos	<ul style="list-style-type: none">. Sistemas de referencia. Velocidade. Puntos de vista de Lagrange e Euler. Movementos estacionarios e uniformes. Representación e visualización de fluxos: senllas, traxectorias, trazas, liñas fluídas e liñas de corrente. Teorema do transporte de Reynolds. Vorticidade
TEMA 4. Conceptos de análise dimensional e a súa aplicación á mecánica de fluídos	<ul style="list-style-type: none">. Principio de homoxeneidade dimensional. Teorema de Buckingham. Exemplo de aplicación do teorema. Números adimensionais en mecánica de fluídos. Aplicación á planificación de experimentos con modelos a escala: a semellanza dinámica
TEMA 5. Conceptos de capa límite e turbulencia	<ul style="list-style-type: none">? Regimen laminar/turbulento en fluxos? Concepto de capa límite? Coeficiente de fricción en turbulento



TEMA 6. Fluxos unidireccionales e en condutos	<p>6.1 Fluídos ideais</p> <ul style="list-style-type: none"> . Ecuación de Bernouilli . Condicións de aplicación . Magnitudes de remanso. Presión estática, dinámica e total. <p>6.2 Fluídos reais</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Fluxos en condutos ? Perdas de carga: Ecuación de Bernouilli xeneralizada ? Coeficiente de fricción. Diagrama de Moody ? Perdas de carga locais. Coeficientes K de varias singularidades. ? Redes de tubería en serie e paralelo ? Instalacións con máquinas hidráulicas
TEMA 7. Aplicacións a problemas de interese en enxeñaría	<p>7.1 Fluxos internos</p> <p>Aplicacións prácticas da ecuación de Bernouilli: sonda de Pitot, tubo de Venturi, efecto Venturi, drenado de tanques, sifóns.</p> <p>7.2 Fluxos externos: Aerodinámica incompresible</p> <ul style="list-style-type: none"> . Fluxos externos . Forzas sobre corpos no seo de fluídos . Forza de arrastre: Arrastre de presión e fricción, concepto de corpo fusado. . Forza de sustentación: generación, turbillóns de punta de á, efecto Magnus.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A13 B4 B6	21.5	36	57.5
Prácticas de laboratorio	A5 B1 B4 B5 B7 C1 C3 C7	8	16	24
Proba mixta	A4 A13 B1 B5 C1	3	0	3
Traballos tutelados	B1 B4 B5 B7 C1 C7	2	0	2
Solución de problemas	B1 B5 B7 C1	20.5	41	61.5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Actividade presencial na aula que serve para establecer os conceptos fundamentais da materia. Consiste na exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, co fin de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Prácticas de laboratorio	Desenvolvemento de prácticas no laboratorio de mecánica de fluídos: Os alumnos experimentarán en grupos de traballo en distintos bancos e equipos do laboratorio. E a continuación, e a nivel individual, deberán desenvolver unha análise e estudo dos coñecementos e fenómenos estudados para a súa posterior avaliación.
Proba mixta	Realizaranse dúas probas de avaliación, unha a mediados e outra ao final de curso. Consistirán nunha proba escrita na que haberá que responder a diferentes tipos de preguntas e resolver problemas.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.



Solución de problemas	O profesor explicará o método e a forma que se ha de seguir na resolución de distintos tipos de problemas. Os problemas serán exercicios de aplicación das distintas partes que conforman a materia. En cada parte comezarse con exercicios simples que se irán facendo mais complexos co fin de adaptalos o mais posible a casos reais. O alumno dispoñerá dunha colección de problemas que poderá resolver por el mesmo.
-----------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Traballos tutelados	As prácticas de laboratorio desenvólvense en grupos de traballo. O obxectivo é estimular o traballo en equipo se ben a presentación e avaliación de resultados é individual. Os traballos tutelados durante as horas de clase permiten realizar un seguimento continuo do proceso de aprendizaxe dos alumnos na materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A4 A13 B1 B5 C1	Realizarase unha proba a metade do curso e outra ao final. Cada unha das dúas probas terá unha parte de problemas e outra de teoría que constará non só de preguntas de desenvolvemento teórico senón tamén de exercicios simples de aplicación dos conceptos teóricos desenvolvidos en clase. Esta parte terá un peso do 50% da nota da proba. A parte de problemas terá un peso do 50%. Se a nota da primeira proba é superior a 4/10 e as notas das partes de teoría e problemas son superiores a 3/10 poderase liberar a primeira parte da materia para o exame final e ponderaranse ambas as dúas probas ao 50%. Esta liberación poderase estender ata o exame final de xullo do mesmo ano se o alumno se presenta ao exame de xuño. Para aprobar a materia é necesario obter polo menos un 5/10 na proba mixta e polo menos un 3/10 na nota media da parte de problemas e na parte de teoría.	70
Prácticas de laboratorio	A5 B1 B4 B5 B7 C1 C3 C7	As realización das prácticas de laboratorio é obrigatoria e terán lugar no laboratorio de mecánica de fluidos da EPS, no campus de Esteiro. A avaliación destas pondera un 20% da nota final, e só estarán superadas cunha nota maior ou igual que 5. Os alumnos que realicen e superen as prácticas nun mesmo ano académico, e no caso de non aprobar a asignatura, non terán que repetir as prácticas nos dous seguintes cursos. En ningún caso evaluaranse memorias de prácticas realizadas en cursos precedentes.	20
Traballos tutelados	B1 B4 B5 B7 C1 C7	Realizaranse algúns exercicios tutelados avaliados que supoñerán un 10% da nota final.	10
Outros			

Observacións avaliación

A segunda proba mixta farase coincidir co exame final no que os alumnos que non teñan liberada a parte correspondente á primeira proba mixta se examinarán de toda a materia

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- F. López Peña (2004). Mecánica de fluidos. Servizo de publicacións UDC- R. W. Fox, A. T. McDonald (1995). Introducción a la mecánica de fluidos. McGraw Hill- A. Crespo (2002). Mecánica de fluidos. Sección de publicaciones ETSII- F. M. White (1979). Mecánica de fluidos. McGraw Hill- V. L. Streeter, E. B. Wylie (1988). Mecánica de los fluidos. McGraw Hill
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cálculo/770G01001
Física I/770G01003
Alxebra/770G01006
Física II/770G01007
Ecuacións Diferenciais/770G01011
Termodinámica/770G01012

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Energías Renovables/770G01031

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías